



Comunicado de prensa.

martes, 12 de enero de 2016

Dende a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA), queremos pedir unha **RECTIFICACIÓN PÚBLICA** da información emitida este mediodía no Telexornal da Televisión Pública de Galicia na que se facía referencia á reunión mantida hoxe nas dependencias da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, e que tiñan a ben consensuar una mesma proposta para toda Galicia.

En devandita información emitida no informativo da TVG confunde á opinión pública sobre as demandas que desde esta asociación, que ten a representación da maioría da flota de cerco de Galicia, e que dende fai tempo vén defendendo:

- Un maior peso dos criterios socioeconómicos na asignación de cotas de pesca
- Un reparto LINEAL POR TRIPULANTE E DIA das capturas, en contra da postura mantida pola asociación Cerqueiros Galegos (CERGAL)
- A anulación do Plan de Xestión do Cantabrico-Noroeste

Dende esta asociación cremos que o erro cometido polos servizos informativos da canle autonómica débese á premura coa que se publicou a información. De feito esperamos a mesma premura á hora de rectificar dita información e deste xeito non levar a equívocos á audiencia deste informativo.

No seguinte enlace esta a información emitida pola TVG que se atopa na súa paxina web.

<http://www.crtvg.es/informativos/ou-sector-do-cerco-busca-unha-postura-comun>

ESPERAMOS UNHA RECTIFICACIÓN INMEDIATA, PÚBLICA E SEN DEMORA